

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

- 1749** *Circular 1/2018, do 31 de xaneiro, pola que se modifican a Circular 5/2016, do 27 de maio, sobre o método de cálculo para que as achegas das entidades adheridas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito sexan proporcionais ao seu perfil de risco, e a Circular 8/2015, do 18 de decembro, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 11/2017, do 23 de xuño, de medidas urxentes en materia financeira, ten como un dos seus obxectivos fundamentais permitir que determinadas entidades de crédito adopten políticas e estratexias para mellorar a súa resistencia aos riscos que afrontan no exercicio da súa actividade. Con tal fin, o réxime xurídico das cooperativas de crédito pasa a recoller expresamente a posibilidade de que esas entidades se integren nalgún dos sistemas institucionais de protección (SIP) previstos na normativa. Ademais, adóptanse medidas destinadas a facilitar a súa constitución e potenciar o seu eficaz funcionamento.

A normativa prevé dous tipos distintos de SIP: en primeiro lugar, os denominados SIP reforzados ou de mutualización plena, regulados na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito; e en segundo lugar, os denominados SIP normativos, regulados no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012 [Regulamento (UE) n.º 575/2013].

A constitución dun SIP cumpre unha función de reforzo da liquidez e solvencia das entidades de crédito que formen parte del. Iso supón unha modificación do seu perfil de risco. Para favorecer a constitución dun SIP e garantir un tratamento axeitado das entidades que pertencen a el, o Real decreto lei 11/2017 introduciu, entre outros aspectos, modificacións na regulación sobre a determinación das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos (FGD), en liña co disposto no artigo 13 da Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos sistemas de garantía de depósitos.

A citada directiva foi trasposta ao noso ordenamento xurídico mediante a modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. Mediante o artigo 6.3 deste real decreto lei encargóuselle ao Banco de España o desenvolvemento dos métodos necesarios para que as achegas ao FGD fosen proporcionais ao perfil de risco das entidades. En cumprimento dese mandato, o Banco de España aprobou a Circular 5/2016, do 27 de maio, sobre o método de cálculo para que as achegas das entidades adheridas ao FGD sexan proporcionais ao seu perfil de risco.

O Real decreto lei 11/2017 modifica o artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011. Na encarga ao Banco de España, prevista nese precepto, de que desenvolva os métodos necesarios para que as achegas das entidades adheridas ao FGD sexan proporcionais ao seu perfil de risco, engadiuse un novo factor relativo á participación das entidades de crédito nalgún dos tipos de SIP previstos na normativa vixente. Ese novo factor consiste na pertenza das entidades de crédito ben aos denominados SIP reforzados ou de mutualización plena (disposición adicional quinta da Lei 10/2014), para os cales se prevé que se teñan en conta os datos consolidados para o cálculo das achegas ao FGD, ou ben aos denominados SIP normativos [artigo 113.7 do Regulamento (UE) 575/2013], que poderán realizar menores achegas ao FGD, no caso de que se constituíse un fondo *ex ante* para reforzar a liquidez e solvencia dos membros do SIP.

A modificación da Circular 5/2016 ten por obxecto acomodar o noso ordenamento xurídico a esa circunstancia e garantir que o réxime de achegas ao FGD teña en conta o perfil de risco das entidades adheridas que formen parte dun SIP.

De maneira adicional, a axeitada implementación da modificación da Circular 5/2016 require que o Banco de España dispoña de información suficiente. É necesario, por iso, modificar a Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. Esta modificación opérase sobre a base dos títulos habilitantes con que conta o Banco de España para elaborar e adoptar a Circular 8/2015 e, especificamente, a Orde ministerial do 31 de marzo de 1989, pola que se faculta o Banco de España para establecer e modificar as normas contables das entidades de crédito. Trátase, en definitiva, de solicitar información sobre o fondo *ex ante* do SIP que lle permita ao Banco de España exercer as súas funcións de control e inspección.

Por todo iso, nesta circular dáse cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Con ela conséguense os fins perseguidos, establécese a regulación mínima imprescindible, non se impoñen cargas administrativas innecesarias ou accesorias, e é coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto nacional como da Unión Europea.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Modificación da Circular 5/2016, do 27 de maio, do Banco de España, sobre o método de cálculo para que as achegas das entidades adheridas ao FGD sexan proporcionais ao seu perfil de risco.*

A Circular 5/2016, do 27 de maio, do Banco de España, sobre o método de cálculo para que as achegas das entidades adheridas ao FGD sexan proporcionais ao seu perfil de risco, queda modificada como segue:

Un. Na epígrafe «Referencias normativas utilizadas nesta circular» introdúcense as seguintes modificacións:

i) Substitúese a referencia a:

«Circular 4/2004

Circular do Banco de España 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros».

Pola seguinte referencia:

«Circular 4/2017

Circular 4/2017, do 27 de novembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros».

ii) Introdúcense dúas novas referencias, que quedan redactadas do seguinte modo:

«Lei 10/2014

Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito».

«Circular 8/2015

Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito».

Dous. Na norma 1, o número 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. A ponderación de risco agregada que resulte para cada entidade adherida incorporárase á fórmula incluída na fase 6 do anexo 1, para determinar a achega da dita entidade. Esa achega será modulada, segundo se prevé nas fases 7 e 8 do anexo 1, en función da súa participación como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011».

Tres. Na norma 2 introdúcense as seguintes modificacións:

i) Os números 3.1, 3.2, 4, 4.1, 4.2 e 5.2 quedan redactados do seguinte modo:

«3.1 Ratio de instrumentos de débeda dubidosos: é o cociente entre, por unha banda, o importe en libros bruto (sen deducir o importe da deterioración de valor acumulado) dos instrumentos de débeda dubidosos distintos dos i) activos financeiros mantidos para negociar, ii) activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, e iii) activos financeiros designados a valor razoable con cambios en resultados; e, por outra parte, o importe en libros bruto dos instrumentos de débeda distintos dos i) activos financeiros mantidos para negociar, ii) activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, e iii) activos financeiros designados a valor razoable con cambios en resultados, de conformidade cos criterios establecidos na Circular 4/2017».

«3.2 Ratio de cobertura de instrumentos de débeda dubidosos: é o cociente entre, por unha banda, o importe da deterioración de valor acumulado dos instrumentos de débeda dubidosos distintos dos i) activos financeiros mantidos para negociar, ii) activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, e iii) activos financeiros designados a valor razoable con cambios en resultados; e, por outra banda, o importe en libros bruto dos instrumentos de débeda dubidosos distintos dos i) os activos financeiros mantidos para negociar, ii) activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados, e iii) activos financeiros designados a valor razoable con cambios en resultados, de conformidade cos criterios establecidos na Circular 4/2017».

«4. Categoría de modelo de negocio e modelo de xestión: reflicte, por unha banda, a calidade do goberno corporativo e os controis internos da entidade, tendo en conta o risco relacionado co modelo de negocio actual e os plans estratéxicos da entidade; e, por outra banda, a participación da entidade como membro dun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013».

«4.1 Ratio de activos ponderados por risco entre o activo total: é o cociente entre, por unha banda, o importe total da exposición en risco a que se refire o artigo 92, número 3, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 e, por outra banda, o activo total do balance reservado a que se refire a Circular 4/2017».

«4.2 Ratio de rendibilidade do activo: é o cociente entre, por unha banda, o resultado do exercicio obtido pola entidade e, por outra banda, o activo total do balance reservado a que se refire a Circular 4/2017».

«5.2 Ratio de fondos propios e pasivos admisibles: é o cociente entre, por unha banda, o importe dos fondos propios a que se refire o número 118 do artigo 4.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, e os pasivos admisibles a que se refire o artigo 41 da Lei 11/2015, menos o volume mínimo de fondos propios e pasivos admisibles exixido á entidade de conformidade co artigo 44 da Lei 11/2015 e, por outra banda, o activo total do balance reservado a que se refire a Circular 4/2017».

ii) Introdúcese un novo número 4.3 coa seguinte redacción:

«4.3 Participación da entidade como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013: reflicte o feito de que a entidade sexa membro dun SIP dos previstos na citada regulación que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011».

Catro. A norma 3 queda redactada do seguinte modo:

«Os indicadores de risco recibirán as ponderacións seguintes:

- a) Ratio de apancamento: 10,5 %.
- b) Ratio de capital de nivel 1 ordinario: 10,5 %.
- c) Ratio de cobertura de liquidez: 10 %.
- d) Ratio de financiamento estable neto: 10 %.
- e) Ratio de instrumentos de débeda dúbidosos: 13 %.
- f) Ratio de cobertura de instrumentos de débeda dúbidosos: 5 %.
- g) Ratio de activos ponderados por risco entre o activo total: 6,5 %.
- h) Ratio de rendibilidade do activo: 6,5 %.
- i) Participación da entidade como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013: 8 %.
- j) Ratio de activos sen cargas: 13 %.
- k) Ratio de fondos propios e pasivos admisibles: 7 %».

Cinco. Na norma 4 introdúcense as seguintes modificacións:

i) Introdúcese un novo punto 1 bis coa seguinte redacción:

«1 bis. Como excepción ao disposto no punto anterior, as entidades de crédito que, en 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior a aquel a que corresponde a achega, pertenzan a un SIP dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, estarán suxeitas globalmente á ponderación de risco determinada para a entidade central e as integrantes de forma consolidada. Polo tanto, o valor dos seus indicadores de risco calcularase a nivel consolidado».

ii) Os números 2, 3 e 5 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Como excepción ao disposto no número 1, cando se conceda unha exención a unha entidade adherida de conformidade cos artigos 8 e 21 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, asignaráselles aos indicadores de risco mencionados nas letras c) e d) da norma 3 o valor que se calculase para o subgrupo único de liquidez de que forme parte».

«3. Como excepción ao disposto no número 1, cando se exima unha entidade adherida da aplicación dos requisitos prudenciais en base individual, de conformidade co artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, ou da aplicación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, de conformidade co número 6 do artigo 44 da Lei 11/2015, asignaráselles aos indicadores de risco sinalados nas letras a), b), g) e k) da norma 3 o correspondente valor do indicador que teña o grupo consolidable de que forme parte».

«5. Cando a información sobre un indicador non se encuentre dispoñible por razóns legais ou polo réxime de supervisión aplicable, o dito indicador non se utilizará. A ponderación que se atribúe ao dito indicador sumarase á ponderación do outro indicador dispoñible correspondente á mesma categoría de risco ou, no caso de que a categoría de risco teña dispoñibles, polo menos, outros dous indicadores, a súa ponderación distribuirase a partes iguais entre as ponderacións do resto dos indicadores correspondentes á mesma categoría de risco.

O indicador relativo á participación da entidade como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 tampouco se utilizará cando ningunha entidade adherida ao FGD pertenza a un SIP dos anteriores. En tal caso, a ponderación que se atribúe a ese indicador distribuirase a partes iguais entre as ponderacións dos outros dous indicadores correspondentes á mesma categoría de risco ou, no caso de que esa categoría de risco teña dispoñible só un indicador, a súa ponderación sumarase á ponderación do indicador dispoñible».

iii) Introdúcese un parágrafo segundo no número 8, que terá a seguinte redacción:

«O disposto neste punto non será de aplicación ao indicador de risco consistente na participación da entidade como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Para este indicador tomarase o valor correspondente ao 31 de decembro do ano inmediatamente anterior».

iv) Introdúcese un parágrafo segundo no número 9, que terá a seguinte redacción:

«O disposto neste punto non será de aplicación ao indicador de risco consistente na participación da entidade como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Para este indicador, as entidades que non estean integradas nun SIP asignaranse ao primeiro intervalo de risco, mentres que as entidades que o estean se asignarán ao segundo intervalo de risco».

Seis. No anexo 1 introdúcese as seguintes modificacións:

i) O primeiro parágrafo, a continuación do título do anexo 1, queda redactado do seguinte modo:

«Para aplicar o método no cálculo dunha achega determinada aplicaranse as oito fases seguintes:».

ii) No número 1 da fase 1 introdúcese un parágrafo segundo coa seguinte redacción:

«O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás entidades de crédito que pertencen a un SIP dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014. Neste caso, para realizar a clasificación a que se refire este punto, terase en conta unicamente a entidade central do SIP, que será a que se distribúa nos distintos intervalos de risco establecidos para cada indicador, de acordo co número 4 seguinte. Con tal fin, utilizarase o valor dos indicadores de risco da entidade central a nivel consolidado, de conformidade co previsto no número 1 bis da norma 4».

iii) No número 2 da fase 1 introdúcese un parágrafo segundo, coa seguinte redacción:

«O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación á distribución das entidades nos intervalos do indicador de risco consistente na participación como membro da entidade nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. Neste caso, seguirase o criterio establecido no parágrafo segundo do número 9 da norma 4».

iv) No apartado 4 da fase 1, as letras e) e f) quedan redactadas do seguinte modo:

«e) Ratio de instrumentos de débeda dúbidosos: 12 intervalos.

- f) Ratio de cobertura de instrumentos de débeda dubidosos: 12 intervalos».
- v) No número 4 da fase 1 as letras i) e j) pasan a numerarse como letras j) e k), e introdúcese unha nova letra i), coa seguinte redacción:

«i) Participación como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013: 2 intervalos».

- vi) Na fase 3, a táboa queda redactada do seguinte modo:

«Categoría	Indicador de risco	Signo
Capital	Ratio de apancamento	-
Capital	Ratio de capital de nivel 1 ordinario	-
Liquidez e financiamento	Ratio de cobertura de liquidez	-
Liquidez e financiamento	Ratio de financiamento estable neto	-
Calidade do activo	Ratio de instrumentos de débeda dubidosos	+
Calidade do activo	Ratio de cobertura de instrumentos de débeda dubidosos	-
Modelo de negocio e modelo de xestión	Ratio de activos ponderados por risco entre o activo total	+
Modelo de negocio e modelo de xestión	Ratio de rendibilidade do activo	-
Modelo de negocio e modelo de xestión	Participación como membro nun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013	-
Perdas potenciais para o FGD	Ratio de activos sen cargas	-
Perdas potenciais para o FGD	Ratio de fondos propios e pasivos admisibles	->

- vii) Na fase 6, o primeiro parágrafo e a definición do que representa «PRA_n» quedan redactados do seguinte modo:

«Co fin de determinar a achega de cada entidade adherida ao FGD, de conformidade co artigo 6 do Real decreto lei 16/2011, a ponderación de risco agregada (PRA_n) obtida integrárase na seguinte fórmula de cálculo:».

«PRA_n « representa a ponderación de risco agregada da entidade «n» (véxase fase 5). No caso das entidades que pertencen a un SIP dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, a ponderación de risco agregada de cada unha desas entidades será a obtida pola entidade central do SIP. Esta ponderación será a que se aplique a cada unha das entidades pertencentes ao SIP».

- viii) Introdúcense as fases 7 e 8 coa seguinte redacción:

«Fase 7. Tratamento das achegas das entidades que pertencen a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 que constitúese un fondo *ex ante*

1. A entidade que pertenza a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que constitúese un fondo *ex ante* que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, reducirá a súa achega anual ao FGD nun importe igual ao que transferise ao fondo *ex ante* dese SIP no exercicio anterior, co límite máximo do 60 % da achega anual que a entidade deba realizar ao FGD conforme o método previsto nas fases 1 a 6 deste anexo 1.

2. A redución prevista nesta fase será aplicable sempre que o volume do fondo *ex ante* alcance o 0,5% dos activos ponderados por risco a nivel agregado de todas as entidades pertencentes ao SIP.

Como excepción ao disposto no parágrafo anterior, a redución prevista nesta fase será tamén aplicable aínda que o fondo *ex ante* non alcance o volume do 0,5 %, se as entidades pertencentes ao SIP subscribiron un compromiso firme que prevexa unhas contribucións claramente definidas para:

- a) dotar inicialmente o fondo *ex ante* ata o volume do 0,5 % antes do 31 de decembro do ano en que o SIP se constituíu; esta excepción non se aplicará nos

exercicios posteriores, mentres o volume do fondo *ex ante* non alcance, polo menos, o 0,5 %; ou

b) repor o fondo *ex ante* se, despois de que se alcanzase o volume do 0,5 %, este último diminúe por debaixo dese limiar debido a circunstancias excepcionais e como consecuencia da utilización do fondo *ex ante* para os fins previstos na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011. Esta excepción aplicarase durante un máximo de tres exercicios consecutivos.

3. A redución prevista nesta fase non resultará aplicable cando o volume do fondo *ex ante* se sitúe por riba do 3 % dos activos ponderados por risco a nivel agregado de todas as entidades pertencentes ao SIP.

4. Para determinar os límites a que se refiren os números 2 e 3, utilizaranse os activos ponderados por risco a nivel consolidado de cada unha das entidades pertencentes ao SIP, salvo cando non exista o dito dato, caso en que se utilizará o dato a nivel individual.

Fase 8. Distribución das achegas das entidades adheridas ao FGD

O tratamento previsto na fase anterior para as entidades que pertencen a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, non afectará o cumprimento do obxectivo anual de achega ao compartimento de garantía de depósitos que fixe o FGD.

Para tal efecto, o importe en que se reducise a achega agregada ao FGD polo tratamento previsto na fase 7 distribuírase entre as entidades que non pertencen a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, en proporción á achega que cada unha das entidades deba realizar ao FGD conforme o método previsto nas fases 1 a 6 deste anexo 1.».

Sete. No anexo 2 introdúcense as seguintes modificacións:

i) Créanse dúas letras, A) e B). A letra A) comeza no primeiro parágrafo do anexo 2 e abrangue ata o final da enumeración. A letra B) comeza no primeiro parágrafo tras a enumeración e abrangue ata a letra d) que se incorpora no punto v) posterior.

ii) Os números 5, 6 e 7 da letra mencionada como A), en virtude do punto i) anterior, quedan redactados do seguinte modo:

«5. Importe en libros bruto dos instrumentos de débeda distintos dos activos financeiros mantidos para negociar, dos activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados e dos instrumentos designados a valor razoable con cambios en resultados.

6. Importe en libros bruto dos instrumentos de débeda dubidosos distintos dos activos financeiros mantidos para negociar, dos activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados e dos instrumentos designados a valor razoable con cambios en resultados.

7. Importe da deterioración de valor acumulado dos instrumentos de débeda dubidosos distintos dos activos financeiros mantidos para negociar, dos activos financeiros non destinados a negociación valorados obrigatoriamente a valor razoable con cambios en resultados e dos instrumentos designados a valor razoable con cambios en resultados».

iii) Introdúcense dous novos números ao final da enumeración dos conceptos que debe remitir o Banco de España ao Fondo de Garantía de Depósitos, coa seguinte redacción:

«16. As entidades de crédito que formen parte dun SIP dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, así como a entidade central dese SIP.

17. As entidades de crédito que formen parte dun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 e, de ser o caso, a entidade designada para remitir a información a que se refire o número 2 da norma segunda bis da Circular 8/2015».

iv) Modifícase, ao final da enumeración de conceptos que debe remitir o Banco de España ao Fondo de Garantía de Depósitos, o primeiro parágrafo, sinalado como letra B) en virtude do punto i) anterior, que queda redactado do seguinte modo:

«B) A información sinalada nos números 1 ao 15 referirase aos estados individuais das entidades adheridas, coas seguintes particularidades:».

v) Introdúcese, ao final da letra B), unha nova letra d) coa seguinte redacción:

«d) Para aplicar o disposto no número 1 bis da norma 4, a información sinalada nos números 1 ao 15, coa excepción do número 3, estará referida á entidade central do SIP dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014 e será a obtida a nivel consolidado. A información sinalada no número 3 será a obtida de forma agregada, sobre a base da información individual de cada unha das entidades.».

vi) Introdúcense, a continuación da letra B), dúas novas letras C) e D) coa seguinte redacción:

«C) Como excepción ao disposto na norma 6, a información sinalada nos números 16 e 17 estará referida exclusivamente ao 31 de decembro do ano inmediatamente anterior».

«D) De forma adicional á información referida nos números 1 ao 17 deste anexo 2, o Banco de España remitirá ao FGD a seguinte información:

a) A información a que se refire a norma segunda bis da Circular 8/2015.

b) As entidades pertencentes a un SIP ás cales lles resulte de aplicación algunha das excepcións previstas no número 2 da fase 7 do anexo 1.

Como excepción ao disposto na norma 6, a información a que se refiren as letras a) e b) deste punto estará referida exclusivamente ao 31 de decembro do ano inmediatamente anterior».

Norma segunda. *Modificación da Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

Introdúcense unha norma segunda bis e un novo anexo 1 bis na Circular 8/2015, do 18 de decembro, do Banco de España, ás entidades e sucursais adscritas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, sobre información para determinar as bases de cálculo das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, co seguinte contido:

Un.

«Norma segunda bis. *Información adicional que deben render as entidades de crédito que formen parte dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 que constituíse un fondo ex ante.*

1. As entidades de crédito que formen parte dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se

modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o sistema institucional de protección ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, deberán remitir ao Banco de España a información que figura na parte A do anexo 1 bis desta circular.

2. O disposto no número anterior non será de aplicación no caso de que as entidades de crédito que formen parte dun sistema institucional de protección dos previstos no número anterior designasen unha delas como o suxeito obrigado para a remisión da información, ben que iso non descargará de responsabilidade as demais entidades de crédito pertencentes ao sistema institucional de protección, nin os seus órganos directivos e demais persoas responsables. Neste caso, a entidade designada remitiralle ao Banco de España a información que figura na parte B do anexo 1 bis.

3. A información a que se refire esta norma deberáselle remitir ao Banco de España con periodicidade trimestral e non máis tarde do último día do segundo mes seguinte a aquel a que se refiren os datos que se remiten».

Dous. Introdúcese un novo anexo 1 bis, co seguinte contido:

ANEXO 1 bis

Información adicional que deben proporcionar as entidades que formen parte dun SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 con fondo *ex ante*

Parte A. Información que deben remitir as entidades pertencentes ao SIP de acordo co número 1 da norma segunda bis

Táboa 1. Información sobre o fondo *ex ante* e a entidade pertencente ao SIP.

Volume do fondo <i>ex ante</i> (a)	Achegas ao fondo <i>ex ante</i>		Activos ponderados por risco (d)	Euros
	Importe no período (b)	Importe acumulado (c)		Nivel ao cal se informan os activos ponderados por risco (e)

(a) Volume do fondo *ex ante* ao final do trimestre de referencia.

(b) Importe das achegas ao fondo *ex ante* que realizou a entidade no trimestre.

(c) Importe acumulado das achegas ao fondo *ex ante* que realizou a entidade desde o inicio do exercicio ata o final do trimestre de referencia.

(d) Importe dos activos ponderados por risco ao final do trimestre de referencia. Entenderase por activos ponderados por risco o importe total de exposición ao risco a que se refire o artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. O dato activos ponderados por risco facilitarase a nivel consolidado, salvo cando non exista, caso en que se facilitará a nivel individual ou a nivel individual máis instrumentais, se resulta aplicable o método de consolidación individual previsto no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

(e) Nesta columna informarase do nivel ao cal se informou o importe dos activos ponderados por risco: consolidado (C), individual (I) ou individual máis instrumentais (II).

Parte B. Información que debe remitir a entidade designada, no caso de que se opte pola designación prevista no número 2 da norma segunda bis

Táboa 1. Información sobre o fondo *ex ante*

	Euros
Volume do fondo <i>ex ante</i> (a)	
Activos ponderados por risco de todos os membros do SIP (b)	

	Euros
Porcentaxe do volume do fondo <i>ex ante</i> en relación cos activos ponderados por risco (%) (c)	

- (a) Volume do fondo *ex ante* ao final do trimestre de referencia.
 (b) Suma do importe dos activos ponderados por risco de todas as entidades que forman parte do SIP ao final do trimestre de referencia. Entenderase por activos ponderados por risco o importe total de exposición ao risco a que se refire o artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
 (c) Porcentaxe que supón o volume do fondo *ex ante* en relación co importe dos activos ponderados por risco a nivel agregado de todos os membros do SIP.

Táboa 2. Información sobre as entidades pertencentes ao SIP

Nome	Código REN (a)	Achegas ao fondo <i>ex ante</i>		Activos ponderados por risco (d)	Euros
		Importe no período (b)	Importe acumulado (c)		Nivel ao cal se informan os activos ponderados por risco (e)
Entidade AAA					
...					
Entidade ZZZ					

- (a) Código REN do Banco de España das entidades de crédito participantes no SIP.
 (b) Importe das achegas ao fondo *ex ante* que realizou cada entidade no trimestre.
 (c) Importe acumulado das achegas ao fondo *ex ante* que realizou cada entidade desde o inicio do exercicio ata o final do trimestre de referencia.
 (d) Importe dos activos ponderados por risco ao final do trimestre de referencia. Entenderase por activos ponderados por risco o importe total de exposición ao risco a que se refire o artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013. O dato activos ponderados por risco facilitarase a nivel consolidado, salvo cando non exista, caso en que se facilitará a nivel individual ou a nivel individual máis instrumentais, se resulta aplicable o método de consolidación individual previsto no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.
 (e) Nesta columna informarase do nivel ao cal se informou o importe dos activos ponderados por risco: consolidado (C), individual (I) ou individual máis instrumentais (II).

Disposición transitoria primeira. *Información das entidades de crédito pertencentes a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que constituíse un fondo ex ante que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, para o cálculo das achegas ao FGD que se realice en 2018 e 2019.*

1. Para o cálculo que se realice en 2018 das achegas ao FGD que deban facer as entidades de crédito que pertencen a un SIP dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o SIP ten fondos directamente á súa disposición para as finalidades previstas na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, esas entidades ou a entidade de crédito designada como suxeito obrigado en virtude do número 2 da norma segunda bis da Circular 8/2015 deberanlle remitir ao Banco de España, antes do 15 de maio de 2018, a información a que se refire a citada norma segunda bis, referida ao 30 de abril de 2018, coa excepción da información dos activos ponderados por risco, que estará referida ao 31 de marzo de 2018.

O Banco de España, cando resulte competente de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1024/2013, transmitiralle ao FGD a información a que se refire o parágrafo anterior e a identificación das entidades que pertencen ao SIP, para que o FGD as empregue na aplicación da metodoloxía de cálculo a que se refire o anexo 1 da Circular 5/2016 no ano 2018, complementando aquela a que se refire a norma 6 da citada circular.

2. Para o cálculo que se realice en 2019 das achegas ao FGD que deban facer as entidades a que se refire o número anterior, a información mencionada na norma segunda bis da Circular 8/2015, relativa ao importe acumulado das achegas desas entidades ao fondo *ex ante*, estará referida ao período comprendido entre o 1 de maio de 2018 e o 31

de decembro de 2018. Esta información incorporarase ao resto da información a que se refire a norma segunda bis da Circular 8/2015, para que o Banco de España a transmita, cando resulte competente de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1024/2013, ao FGD, de acordo coa letra D) do anexo 2 e no prazo previsto na norma 6 da Circular 5/2016.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación das modificacións introducidas por esta circular ao cálculo das achegas ao FGD que se determinen en 2018.*

As modificacións no método de cálculo operadas por esta circular utilizaranse por primeira vez no cálculo das achegas das entidades adheridas ao FGD que se determinen en 2018.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e aplicación.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de xaneiro de 2018.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.